

CX CENTRO DE XESTIÓN, S.L.



Detectamos que as sociedades laborais teñen moitas subvencións, así que nos especializamos na súa tramitación

Manuel Míguez García

Datos básicos

Actividade:	Asesoría contable, fiscal e laboral		
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación		
Nº empregados	4		
Inversión inicial	7.810 €		
Financiamento inicial:	Fondos propios.		
Web:			
Municipio:	Ourense, Ourense	Ano creación:	1999

Descripción do proxecto

Prestación de servizos nos ámbitos contable, laboral e fiscal para todo tipo de empresas e asociacións.

Detectamos que as sociedades laborais teñen moitas subvencións, así que nos especializamos na tramitación de subvencións de Familia, Xustiza, IGAPE, etc., para este tipo de empresas.



Datos empresa

Claves do éxito

- Continua actualización da información que manexamos.
- Ter unha base fixa e ampla de clientes e prestarlles moitos servizos, tratar de ofrecerlles un servizo integral xa que iso supón unha base de ingresos fixos máis outros puntuais.
- Control dos gastos fixos. Manter os gastos a un determinado nivel, na medida do posíbel, aínda que aumente o número de clientes.

Situación actual

Na actualidade, tratamos de asentarnos en canto aos servizos propios e tentamos introducirmos noutros campos do entorno administrativo e de xestión.

Perfil cliente

Acostuman ser persoas con experiencia profesional previa que se convierten en empresarios e o seu obxectivo principal soe ser acceder ás axudas públicas. Sobre todo sector servizos e comercio.



Idea inicial

Queríamos aproveitar a nosa formación académica e aínda que é un campo bastante explotado (xestorías, asesorías...) non ten fortes barreiras de entrada, ademais é un campo moi amplo e con moitas posibilidades.

Temos moitos contactos con empresas que se crearon a través de CIMO. Contábamos cun punto forte que consistía na facilidade de acceso ao mercado.

Principales dificultades y amenazas futuras

A principal ameaza consiste na situación económica de Ourense. De seguir perdendo empresas, diminuírá o número de clientes potenciais.

Para paliar isto, poñemos todo o noso empeño en fidelizar aos clientes.

Perfil promotores

- Manuel é Diplomado en CC. Empresariais. Posúe 6 meses de experiencia como administrativo e 2 meses en Contabilidade. Ademais traballou un ano e medio na área de Autoemprego de CIMO.

A empresa conta ademais con outro socio.

Aptitudes necesarias

Ser capaces de asumir o risco, ser organizados, ter aptitudes comerciais e capacidade para dirixir.



Guía de Actividad

Xestoría - Asesoría (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
Gañar cartos

Dirixir persoas e organizacións
O reto que supón

Formación

¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?

Si (diplomatura en Ciencias Empresariais).

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si. Sería moi importante, mesmo sería necesario nomear a un asesor que axudase ao emprendedor nos dous ou tres primeiros anos de vida.

Anecdótico

Cando comezamos a actividade a moita xente sorprendeulle porque non tiñamos experiencia e había moitas cousas que as mirábase en manuais, e a algúns clientes chocáballes. Despois parecíalles lóxico e mesmo dáballes máis confianza xa que a información era máis rigorosa.

"A xente pensa que tes que ter resposta para todo".

